



BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN SOCORRISTA AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA NO MARCO DA ORDE DO 20 DE DECEMBRO DE 2019 NA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS, (DOG NÚM. 18, DO 28 DE XANEIRO), CONVÓCANSE AS AXUDAS PARA O ANO 2020).

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da presente convocatoria a regulación da contratación dun socorrista ao abeiro da subvención concedida no marco da Orde do 20 de decembro de 2019 na que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, (DOG núm. 18, do 28 de xaneiro), convócanse as axudas para o ano 2020).

Este traballador adicarase a execución das actuacións subvencionadas, isto é, vixilancia e salvamento nas praias do Concello.

SEGUNDA.- MODALIDADE CONTRACTUAL, DURACIÓN E RETRIBUCIÓNS

A contratación realizarase a través da modalidade de contrato de obra ou servizo, grupo de cotización 8, a tempo completo por un período de dous meses.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo.

As retribucións son as establecidas conforme ao convenio colectivo : PERSONAL LABORAL CONCELLO CEE, publicado no BOE/DOG , de 28 / 10 / 2002, e modificación publicada no Boletín Oficial da Coruña número 259 de 10/11/2008 (táboas salariais 2009 e 2010) e as modificacións establecidas polo goberno (diminución salarial 5% publicada BOE Nº 126 de fecha 24-05-2010. Aumento salarial do 1% publicado BOE nº 260 de fecha 30-10-2015, aumento salarial do 1% publicado no BOE nº 174 de fecha 22-07-2017); aumento salarial 1,75% publicado BOE nº 161 de fecha 4-07-2018 e aumento salarial



do 2,25% para o ano 2019 publicado no BOE nº 312 de fecha 27-12-2018, subida aplicable dende Xaneiro, e RDL de 24-12-2028 co aumento salarial para o ano 2019 do 0,25%, aplicable dende o mes de Xullo. Aumento salarial do 2% para o ano 2020 RDL 2/2020 do 21-01-2020.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Os participantes no proceso de selección poderán ser unicamente aqueles que se encontren incluídos na listaxe de candidatos/as remitida pola Oficina Pública de Emprego en relación coa oferta de emprego que realizará o Concello de Cee para cubrir dita praza.

Para poder tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nos art. art. 56 e seguintes Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto de Empregado Público e aqueles establecidos pola Orde do 20 de decembro de 2019 na que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, (DOG núm. 18, do 28 de xaneiro), isto é:

A) Ser cidadán español, sen prexuízo do establecido no art. 57. 4 Real Decreto Lexislativo5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto de Empregado Público en canto resulte de aplicación e nos termos establecidos.

B) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

C) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado nos mesmos termos o acceso ao emprego público

D) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida ou sexa incompatible co normal desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta. As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 por cento deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de discapacitado acreditarase mediante



certificación expedida por organismo competente. Acreditarase mediante certificado médico oficial.

E) Estar desempleado e inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego

F) Os traballadores e traballadoras que fosen contratados, por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2018, pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materias de políticas activas de emprego non poderán ser contratados

G) Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia (sección: espazos naturais), de conformidade co Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, segundo redacción dada polo Decreto 35/2017, do 16 de marzo (DOG, núm. 69 do 07/04/2017), que establece na súa disposición transitoria única unha prórroga automática do prazo de inscrición provisional ata o 10/04/2021.

En defecto de inscrición, ter presentada a solicitude de inscrición no citado Rexistro Profesional, sempre, neste último caso, que desde a data de presentación da solicitude de inscrición no citado non teña transcorrido o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste caso deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia de dita solicitude de inscrición no Rexistro Profesional e copia de declaración responsable segundo o modelo normalizado que figura como Anexo IV do dito Decreto 104/2012, así como o título de socorrista acuático ou titulación equivalente ou que a englobe.

Os anteriores requisitos deberanse posuír con referencia ao derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo e ata a formalización do contrato de traballo.

Será nula a contratación dos que estean incursos en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

CUARTA. - FORMA E PRAZO PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.- O Concello formulará oferta xenérica de emprego ante a Oficina Pública de Emprego de Cee aos efectos de que pola mesma se remita ao Concello a listaxe de candidatos para cubrir as prazas. Remitida pola Oficina Pública de Emprego a listaxe de candidatos, esta farase pública mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e se anunciará a título meramente informativo na páxina web do Concello de Cee (sinalándose a



data de publicación no taboleiro de anuncios do Concello), DISPOÑENDO AS PERSOAS INTERESADAS INCLUÍDAS NA MESMA DE 2 días hábiles , A CONTAR DESDE A PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS , para presentar a documentación.

As solicitudes presentaranse en modelo oficial que se achega como anexo ás bases, dirixidas á Alcaldía, no Rexistro Xeral das oficina municipais en horario de oficina ou no Rexistro telemático (sede electrónica), durante o prazo antes sinalado.

Ademais as instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, neste caso os aspirantes deberán comunicalo mediante fax ao número: 981.74.67.57 ou ao correo electrónico: concello@cee.gal , achegando copia da solicitude rexistrada.

3.- Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

4.- Como xa se dixo na base anterior estes requisitos deberán de posuírse con referencia ao derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo e especialmente, de ser o caso, no momento da contratación polo que calquera alteración deberá ser comunicada a esta Administración, en especial con ocasión da formalización dun contrato de traballo.

5.- Coa presentación da citada instancia entenderase que os/as interesados/as aceptan todas e cada unha das bases deste convocatoria.

Documentación

Os aspirantes ó posto deberán aportar a seguinte documentación.

a) Obrigatoriamente

- Solicitude nos modelos normalizados que figuran como anexos a estas bases.
- Documentación acreditativa da totalidade dos requisitos sinalados no apartado "Requisitos dos aspirantes".
- Ser desempleado inscrito como demandante de emprego.
- Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia (sección: espazos acuáticos naturais), de conformidade co Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea o Rexistro profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, segundo redacción dada polo Decreto 35/2017, de 16 de marzo.

b) Voluntariamente



A presentación de documentación acreditativa dos aspectos a valorar na fase de concurso é voluntaria por parte do aspirante. En todo caso, non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, no último día do prazo de presentación das instancias. De non presentarse documentación acreditativa dos méritos a valorar a puntuación na fase de concurso será de 0 pts.

Segundo establece o artigo 28.3 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas a documentación poderá aportarse en copia simple. En caso de que dita documentación xa obrase en poder da administración poderá solicitarse que se faga uso da mesma, indicando na solicitude en que momento e ante que órgano administrativo se presentou dita documentación.

Unha vez realizada a selección, os aspirantes seleccionados deberán aportar en orixinal ou copia compulsada toda a documentación obxecto de valoración no proceso.

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, indicando os motivos da exclusión no caso de que os houberse. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, tamén se anunciará a título meramente informativo na páxina web do Concello de Cee (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios).

No caso de que as solicitudes non deran lugar á subsanación a resolución da Alcaldía aprobará xa a lista definitiva de aspirantes admitidos.

Dita resolución indicará asimesmo o prazo do que os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán para subsanar os defectos que motivara a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen á omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos do procedemento.

Transcorrido o prazo sinalado no punto anterior, a Alcaldía ditará resolución na que se aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, así como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación dos membros do tribunal e o lugar, data e hora do comezo do proceso de selección. Resolución que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, tamén se anunciará a título meramente informativo na páxina web do Concello de Cee (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios).



O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñece aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante a correspondente resolución. Se nun momento posterior se desprende que non se posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1.- O Tribunal Cualificador estará integrado do seguinte xeito:

Presidente: Un empregado/a público a designar pola Alcaldía (titular e suplente).

Vogais: Tres empregados/as públicos a designar pola Alcaldía (titulares e suplentes). Secretario/a: Un empregado/a público a designar pola Alcaldía, que actuará con voz e sen voto (titular e suplente).

A designación concreta dos membros do tribunal se efectuará e fará pública coa lista definitiva de admitidos e excluídos, así como as datas das probas antes de rematar o prazo de presentación de instancias.

2.- Os membros do Tribunal estarán suxeitos aos supostos de abstención e recusación previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, non podendo ser nomeados membros, colaboradores ou asesores do tribunal os que realizasen tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas para acceso á función pública nos cinco anos derradeiros á publicación desta convocatoria.

3.- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de aló menos tres dos seus membros. En todo caso será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

4.- O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

5.- O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

SÉTIMA.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

A selección dos aspirantes efectuarase polo sistema de concurso-oposición de acordo co seguinte detalle:

A FASE DE CONCURSO:

Aos efectos de dar cumprimento ao art. 14 da Orde da Consellería, de Emprego e Industria do 12 de decembro de 2018 na que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e



se procede a súa convocatoria para o exercicio 2019 á que están vinculadas as presentes contratacións/selección de persoal, a fase de concurso se desenvolverá da seguinte forma.

A fase de concurso, que non terá carácter eliminatorio, será a primeira obxecto de valoración. En todo caso a puntuación obtida nesta fase non poderá aplicarse para superar a fase de oposición.

Deberá estarse en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias.

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado polos e polas aspirantes na documentación aportada coa instancia, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela

A puntuación máxima total do concurso establécese en **CATRO puntos**.

Méritos a valorar e forma de acreditarlos (a documentación será orixinal ou copia compulsada):

A) Formación Profesional teórico -práctica en materias relacionadas coas función da praza obxecto de selección, ata un máximo de **1** punto.

- 0,001 puntos por cada hora de formación

1 punto por estar en posesión da Autorización Federativa a motor para embarcacións de recreo, ou licenza equivalente ou superior.

Experiencia profesional:

A razón de 0,10 puntos por cada mes traballado en cometidos semellantes ós da praza obxecto da convocatoria, ata un máximo de **1** punto.

A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado do certificado de empresa no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo. A non presentación de ámbolos documentos (vida laboral+ certificado de empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado Colectivos preferentes.

Según establece o artigo 14.5 das bases da convocatoria, terán preferencia os seguintes colectivos ata un máximo de **2** puntos.

a) Mulleres. 0,5 pts.

Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero. 0,5 pts.

Menores de 30 anos. 0,5 pts.



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

Menores de 30 demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional. 0,5 pts.

c) Persoas paradas de longa duración. 0,5 pts.

d) Persoas con discapacidade. 0,5 pts.

e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. 0,5 pts.

f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos. 0,5 pts.

g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. 0,5 pts.

COLECTIVO	DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA
Mulleres.	DNI
Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.	Informe da área de Servizos Sociais ou centro de información á muller do municipio de residencia do solicitante, informe das forzas e corpos de seguridade.
Menores de 30 anos.	DNI
Menores de 30 demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.	DNI e Vida Laboral.
Persoas paradas de longa duración.	Informe de periodos de inscrición emitido pola oficina de emprego.
Persoas con discapacidade.	Certificado de minusvalía
Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.	Informe da oficina de emprego.
Persoas desempregadas maiores de 45 anos. 0,5 pts.	DNI
Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.	Informe de Servizos Sociais.

A FASE DE OPOSICIÓN

Consistirá nunha proba teórica de carácter obrigatorio e eliminatorio. Os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de apazamento, calquera que fose a causa que lles impedira acudir, salvo os casos debidamente xustificadas que serán libremente apreciados polo tribunal. Os aspirantes deben acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI, pasaporte ou carné de conducir.

A actuación dos aspirantes no exercicio levarase a cabo por orde alfabética.

Proba teórica:

Exame de coñecementos teóricos, obrigatorio e eliminatorio, de carácter escrito cunha valoración máxima de 6 puntos, e que terá por obxecto avaliar os coñecementos e habilidades para desenvolver as funcións propias do cargo.

Consistirá nunha proba de 3 a 5 preguntas a desenvolver relacionadas co temario específico anexo a estas bases. A duración máxima para a realización deste exercicio será de 60 minutos,



podendo o tribunal determinar tempos inferiores se así o estima conveniente.

O exercicio será cualificado de 0 a 6 puntos máximo, sendo necesario acadar unha puntuación de 3 puntos para superalo, dado o seu carácter eliminatorio.

Terá por obxecto avaliar os coñecementos e habilidades para desenvolver as función propias do cargo.

1. O servizo de socorrismo
 - Primeiros auxilios
 - Teoría das labores de salvamento
 - Aspectos médicos do salvamento acuático
 - R.CP
 - Aspectos éticos -leais do Salvamento acuático

DESEMPATE

En caso de empate, a orde de puntuación dos candidatos establecerase como segue:

- 1.-Nota da fase de oposición.
- 2.-Nota da fase de concurso.
- 3.-Letra do primeiro apelido tomando como referencia o establecido na última resolución anual pola que se publica o resultado do sorteo ó que se refire o Regulamento General de Ingreso del Personal al Servicio de la Administración del Estado (Orden de actuación dos aspirantes en probas selectivas).
- 4.-Sorteo

OITAVA.-RELACIÓN INICIAL DE SELECCIONADOS.

1.-Rematada a cualificación dos aspirantes o Tribunal formará a relación inicial de seleccionado/s pola orde de puntuación final obtida (suma da fase de concurso e oposición), non podendo rebasar este/s o número de praza/s convocada/s e faraa pública no Taboleiro de Anuncios do Concello, tamén se anunciará a título meramente informativo na páxina web do Concello de Cee (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios).

2.- De acordo coa relación, elevarase á Alcaldía, ademais da acta da sesión, a proposta da selección inicial.

NOVENA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

1.-O aspirante proposto para selección presentará no rexistro xeral do Concello, no prazo de 2 días hábiles, contados a partir do requirimento que se efectúe, os documentos seguintes:

- a.- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha administración pública nin acharse inhabilitado para o exercicio das función públicas.
- b.- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.



c.- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor da materia.

d.- Declaración xurada de non ter sido contratado por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2019, pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materias de políticas activas de emprego.

Sen prexuízo de que a administración poda realizar as comprobacións que considere oportunas.

2.- A non presentación dentro do prazo fixado da documentación sinalada na presente base, agás nos casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, e sin efectos os dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar a súa contratación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido. Neste caso, a proposta considerarase feita a prol do aspirante que, segundo á orde de puntuación obtida, teña cabida no número de posto convocado; todo elo como consecuencia da citada anulación.

DÉCIMA.- DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

1.- Presentada a documentación polo interesado, e sendo a mesma conforme, a Alcaldía procederá á designación do aspirante seleccionado e ordenará a formalización do correspondente contrato de traballo, para o que será necesario previamente comunicar o número de afiliación á Seguridade Social.

2.- Mentres non se formalice o contrato e non se produza a incorporación ao posto de traballo, non se terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

3.- Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizar o contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

UNDÉCIMA.- INCIDENCIAS.

1.- A aprobación das bases da convocatoria e os actos administrativos que se sucedan poderán ser recorridos polos interesados nos casos e do xeito establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2.- Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/86, do 18 de abril e o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995, de 10



de marzo e o Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro e demais a normativa aplicación.

3.- No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non o superar ningún aspirante ou por non presentarse ningún ao proceso ou no caso que non se cubrirán o número de prazas convocadas, a Alcaldía queda autorizada a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases

DUODÉCIMA: LISTA DE RESERVA

Na acta da selección, incluírase como lista de reservas, unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante incluído nesta non fora nomeado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección.

DÉCIMO SEGUNDA: ADAPTACIÓNS PARA PERSOAS CON MINUSVALÍA

Nas probas selectivas estableceranse para as persoas con minusvalía que o soliciten expresamente na súa instancia, as adaptacións posibles de tempo e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

NORMAS FINAIS

Primeira: Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante.

Segunda: Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Con carácter potestativo e previo, poderá interpor recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde ao día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recursos de reposición



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contados desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

Cee, na data da sinatura dixital
Asdo. Margarita Lamela Louzán. Alcaldesa.



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

ANEXO I

1.- POSTO DE TRABALLO A QUE ASPIRA: SOCORRISTA		
2.- CONVOCATORIA: PROCESO DE SELECCIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DUN SOCORRISTA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO "SOCORRISMO E VIXIANCIA DE PRAIAS 2020".		
3.- DATOS PERSOAIS:		
NOME	DNI	
DOMICILIO		
MUNICIPIO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	

O abaixo asinante solicita ser admitido/a ó concurso-oposición a que se refire a presente instancia e declara:

- Que son certos os datos obrantes nela.
- Que ten coñecemento e acepta na súa totalidade o contido das bases que regulan este proceso selectivo.
- Que cumpre coa totalidade dos requisitos tanto xerais como específicos establecidos no apartado terceiro: Requisitos dos aspirantes.
- Ser desempleado inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego.
- Non ter sido contratado por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2019 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

En _____ a ___ de _____ de 2020

Sinatura



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

ANEXO II **Temario da proba teórica**

1. O servizo de socorrismo. Definición e funcións.

Primeiros auxilios

Teoría das labores de salvamento.

Aspectos médicos del Salvamento acuático.

R.C.P.

Aspectos ético - legais do Salvamento acuático.